

24

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

4 ou máis participantes  
30 minutos

Creación. Xogo de roda

Expresividade. Creatividade

## BINOMIO FANTÁSTICO

### MATERIAIS

Material para apuntar (encerado, papel continuo... e rotulador).

### ESPAZO

Espazo para estar en roda.

### DESCRINCIÓN

O binomio fantástico é unha creación de Gianni Rodari, autor da Gramática da fantasía. Consiste en crear unha historia a partir de dúas palabras en principio inconexas. Polo procedemento que se queira escóllense dúas palabras, por exemplo, “luz e zapatos”.

As persoas deben crear unha frase ou breve relato que xunte as dúas dun xeito imaxinativo.

Exemplo: Luz e Zapatos. “Á luz da vela tirei os zapatos e fun durmir”.

“Coa luz do día atoparon os zapatos do mariñeiro na beira da praia”.

“Un raio de luz alumeou os máis fermosos zapatos que nunca se viran neste mundo”.

